XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por ... do Conselleiro de Medio Ambiente ... Infraestruturas de data:
- 4 XUÑ. 2014
...nificación
Asdo.: Mª del Carmen Cid Castro

D. CONCELLO BAIONA SECRETARÍA MAIOR

Dilixencia: Para constar eu, Secretaria, que o Pleno do Concello de Baiona en sesión extraordinaria de data 25/03/2014 aprobou provisionalmente o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal por maioría absoluta do número legal de membros.
Baiona, 25 de marzo de 2014.
A Secretaria: Susana Gallardo Fariña.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

DOCUMENTO DE REFERENCIA para a Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Baiona

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

DOCUMENTO DE REFERENCIA para a Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Baiona

1.- Introdución.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente
de Medio Ambien
- 4 XUN. 2014
lo Conselleiro
estruturas
anificación
Fdo.: Mª del Carmen Cid Castro

O Concello de Baiona ven rexéndose por un Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado o 30 de maio de 1994 e ten iniciado os traballos para a elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). Así, con data 1 de Xuño de 2007 e número de rexistro 14460, recíbese na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible comunicación de inicio do procedemento de elaboración do PXOM, xunto cun documento inicial no que se recollen de xeito resumido os principais obxectivos e características do concello e do futuro PXOM.

Para promover un desenvolvemento sustentable, conseguir un elevado nivel de protección do medio ambiente e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación do planeamento, este someteranse a unha Avaliación Ambiental Estratéxica conforme ao establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación de determinados plans e programas no medio ambiente, a desenvolver seguindo o procedemento integrado de Avaliación Ambiental Estratéxica de instrumentos de planeamento urbanístico previsto no artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

Estudado o **Documento de Inicio** e tras realizar consultas coas Administracións públicas afectadas e o público interesado, elaborouse o presente **Documento de Referencia (DR)** para este Plan promovido polo Concello de Baiona baseado no **Documento Marco de Referencia**[1] aprobado por unanimidade do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS) o 19 de xaneiro de 2007.

Dilixencia: Fago constar eu, Secretaria, que o Pleno do Concello de Baiona, en sesión extraordinaria de data 25/03/2014 aprobou provisionalmente o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal por maioría absoluta do número legal de membros.
Baiona, 25 de marzo de 2014
A Secretaria, Susana Gallardo Farina.

[1] Pode consultar o Documento Marco de Referencia en http://medioambiente.xunta.es/aea/pdf/MarcoReferenciaPXOM.pdf

2.- Metodoloxía para a Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan.

Explicación dos pasos a seguir, a partires da recepción do presente DR, na redacción e aprobación do planeamento que integre variables e criterios para a sustentabilidade

Coa entrada en vigor o pasado 17 de maio de 2007 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica dos plans e programas intégrase co procedemento de aprobación do planeamento urbanístico.

Tralas consultas realizadas ao COGAMADS acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade aplicables a este Plan (detalle das consultas en anexo) elabórase o presente Documento de Referencia que guiará ao órgano promotor no proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica do mesmo.

O documento que se presenta, ten por obxecto garantir a integración dos criterios de sustentabilidade ambiental na toma de decisións do planeamento. Para isto, determinaranse as **variables e criterios de sustentabilidade** que serán a base para avaliar os efectos ambientais das alternativas propostas.

Estas variables e criterios serán obxectivados nunha serie de **indicadores** que facilitarán a análise da sustentabilidade das propostas ate chegar á alternativa seleccionada.

O estudo das posibles alternativas mediante a súa confrontación cos criterios establecidos para as variables ambientais, así como a selección da alternativa que finalmente se consolide como proposta definitiva de plan, plasmarase nun **Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA),** cuxa amplitude e nivel de detalle se determina neste mesmo Documento de Referencia.

Previo á Aprobación Inicial do PXOM, o órgano promotor poderá enviar a antedita documentación ao órgano ambiental co obxecto de que este comprobe a súa integridade formal cara o proceso de participación e consultas.

O **plan aprobado inicialmente**, as alternativas refugadas e as súas avaliacións (Plan do que forma parte integrante o ISA) serán sometidas ao **proceso de participación e consultas** establecido neste mesmo documento de referencia. Simultaneamente a este proceso remitirase copia da citada documentación ao órgano ambiental.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

O resultado do proceso de participación e consultas recollerase nun **informe sobre a participación e as consultas** no que se describa o procedemento seguido e se xustifique cómo se toman en consideración as observacións e alegacións realizadas así como os informes sectoriais recibidos.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data:
- 4 XUÑ. 2014
Asdo.: Mª del Carmen Cid Castro

Realizadas as consultas e con carácter **previo á aprobación provisional**, remitiranse ao órgano ambiental o documento do Plan para aprobación provisional, do que forma parte o Informe de Sustentabilidade; o informe sobre a participación e as consultas, xunto coas copias dos informes sectoriais emitidos; e unha **proposta de Memoria Ambiental.**

Esta proposta de Memoria Ambiental deberá explicar cómo se integraron os criterios de sustentabilidade das diferentes variables ambientais na daboración do plan, un resumo do proceso de participación e consultas, a enumeración e relación das medidas adoitadas para o seguimento dos efectos do planeamento sobre o medio e un resumo non técnico de toda esta información.

Con esta información, o órgano ambiental redactará nun prazo de 3 meses dende a súa recepción, a **Memoria Ambiental**, a través da cal validará o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, podendo establecer condicionantes que serán vinculantes para o planeamento e deberán quedar recollidos no documento que se aprobe provisionalmente.

Unha vez aprobado o plan definitivamente, o órgano promotor porao a disposición do órgano ambiental, das Administracións públicas consultadas e do público afectado, xunto coa documentación especificada no artigo 14 da lei 9/2006.

Finalmente, o órgano promotor realizará un seguimento dos efectos na sustentabilidade da aplicación ou execución do plan, no que o órgano ambiental poderá participar.

Dilixencia: Hago constar en Secretaria, que o Pleno do Concello de Baiona en Sesión extraordinaria de data 25/03/2014 aprobou provisionalmente o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal por maioría absoluta do número legal de membros.
Baiona, 25 de marzo de 2014.
A Secretaria, Susana Gallardo Fariña.

Pasos a seguir no procedemento de AAE recibido o Documento de Referencia

Fase	Obxectivos	Accións	Plásmase en...	Organismo responsable
Análise de alternativas e determinación de impactos significativos	Estudar as alternativas posibles e confrontalas cos criterios e variables ambientais establecidos	Análise da alternativa cero e proposta de outras alternativas Estudo dos efectos ambientais das propostas Selección da alternativa	Elaboración do Plan Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA)	Concello
Aprobación inicial do PXOM				
Participación e consultas*	Fomentar a transparencia e a participación cidadá	Realizar as consultas establecidas no documento de referencia Facilitar a participación do público interesado Considerar os resultados do proceso de participación e consultas	Publicidade e posta a disposición do público e realizar as consultas do Plan e do ISA nas modalidades establecidas neste documento Resposta ás alegacións e elaboración do documento de información e consultas	Concello
Validación do procedemento pola DXDS	Valorar a integración dos aspectos ambientais na proposta de Plan	Analizar o proceso de AAE, o ISA e a súa calidade Avaliar o resultado das consultas e como se tomaron en consideración Analizar os impactos previsibles da aplicación do Plan	Memoria Ambiental	DXDS
Proposta definitiva do Plan	Integrar os resultados da AAE	Redactar a proposta definitiva do Plan tomando en consideración o ISA, as alegacións formuladas nas consultas e os condicionantes na memoria ambiental	Proposta definitiva do Plan (documento para Aprobación Provisional)	Concello
Aprobación provisional do PXOM				

Dilixencia: Fago constar eu, Secretaria, que o Pleno do Concello de Baiona en sesión extraordinaria de data 25/03/2014 aprobou provisionalmente o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal por maioría absoluta do número legal de membros.
Baiona, 25 de marzo de 2014.
A Secretaria, Susana Gallardo Farina.

* No caso de que as alegacións ou comentarios recibidos no período de consultas impliquen modificacións significativas da versión preliminar do Plan deberase estudar os efectos da nova proposta na sustentabilidade ambiental e someter o novo documento a outro período de participación e consultas.

3.- Breve descrición do Concello

O municipio de Baiona conta cunha extensión de 34,5 km^2, segundo o Instituto Nacional de Estatística. Está localizado no sudoeste de Galicia, na provincia de Pontevedra, na beira do océano Atlántico, na marxe esquerda da ría de Vigo. O concello de Baiona está composto polas parroquias de: Baíña, Baiona, Baredo, Belesar e A Ramallosa. A altitude sobre o nivel do mar da capitalidade do municipio é de 20 m. Limita cos concellos de Nigrán, Gondomar, Tomiño de Oia.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado por Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
de data: - 4 XUÑ. 2014
Asdo.: Mª do Carmen Cid Castro

No tocante os recursos hídricos, a hidroloxía superficial do concello de Baiona, está formado por catro leitos fluviais importantes. A primeira bacía e a dos ríos Portelo e Regueras, a segunda a do río Baíña, que conta con algúns afluentes importantes como o arroio do Gato, o arroio de Sta. Fonte e o arroio Lavandas. A terceira bacía corresponde o río Guillade e a última o río Groba.

A vexetación actual do concello ten repoboacións forestais de piñeiros e eucaliptos, e pequenos bosques de arborado de ribeira, matogueiras, pasteiros, carballeiras, sobreiras, xunqueiras e carriceiras, prados e vexetación de rochedos costeiros. Dentro do propio concello atópanse lugares de grande interese natural, como o espacio natural Serra de Argallo, o encoro de Baíña, a serra da Groba e un espazo parte de rede natura, Foz do Miñor a Ramallosa.

O municipio de Baiona caracterízase pola súa variedade paisaxística, que pode observarse dende os miradoiros existentes no concello, como son o Alto da Groba e o da Virxe da Roca. Conta ademais coa denominación de "Municipio Turístico" pola Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.

O patrimonio histórico artístico do municipio de Baiona consta de 207 elementos catalogados polas Normas Complementarias e Subsidiarias Provinciais.

No tocante á distribución da poboación, o balance demográfico é positivo en xeral (como pode observarse nas táboas seguintes); existe unha tendencia a gañar poboación dun xeito moderado con saldos migratorios positivos, ademais dun aumento de poboación en épocas estivais debido o atractivo turístico do concello.

1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
10.443	10.659	10.741	10.873	11.014	11.153	11.337	11.521	11.653

Táboa 1: Evolución da poboación de Baiona (Fonte: IGE)

Saldos Migratorios (inmigración – emigración)	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Saldo interno	82	63	127	8	22	102	98	86	67
Dentro da mesma provincia	61	50	116	-4	28	84	86	91	49
Co resto de Galicia	21	13	11	12	-6	18	12	-5	18
Saldo externo	45	12	-8	51	137	124	71	67	74
Co resto de España	16	-28	-51	-22	-5	5	13	-8	-1
Co estranxeiro	29	43	43	73	142	119	58	75	75
Total	127	75	119	59	159	126	169	153	141

Táboa 2: Saldos migratorios (Fonte: IGE)

Esta caracterización turística do concello, provoca o aumento de vivendas de segunda residencia no concello sendo estas unha parte moi importante do parque inmobiliario, como se pode observar na táboa seguinte,

Censo de vivendas	Dato	Ano
Vivendas familiares	6.527	2001
Principais	3.415	2001
Secundarias	2.257	2001
Baleiras	851	2001
Edificios	3.095	2001
Locais	598	2001

Táboa 3: Censo de Vivendas 2001 (Fonte: INE)

Así polo número de vivendas de segunda residencia que amosa a táboa anterior a poboación en épocas estivais aumentaría considerablemente.

No tocante a estructura socio profesional do concello de Baiona, os datos amosan unha taxa de paro elevada, acontecendo un progresivo abandono do sector primario, concentrándose a actividade no secundario e no terciario..A vocación do concello como destino turístico marcan tamén a súa estructura socio profesional, onde destaca a ocupación no sector servizos, como pode observarse na seguinte táboa,

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Actividade	Total	Homes	Mulleres
Taxa de actividade	57,3	70	45,3
Taxa de paro	7,3	5,8	9,6
Ocupados por sectores			
Agricultura	63	39	24
Pesca	624	533	91
Industria	799	671	128
Construción	620	579	41
Servizos	2762	1125	1637

Táboa 4: Actividades (Fonte: INE , ano 2001)

Podemos concluír que nos atopamos nun concello cun paulatino proceso de urbanización.

Salvo núcleos practicamente deshabitados que non teñen posibilidade de conexión a rede municipal de saneamento, a maior parte dos núcleos de poboación contan cos servicios urbanísticos básicos, abastecemento, saneamento, alumeado básico, telefonía, electricidade, recollida de lixo,etc.

A recollida de lixo efectúase en tódolos núcleos sen embargo a recollida selectiva aínda non está implantada en tódolos asentamentos.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data:
- 4 XUÑ. 2014
Urbanística I
Asdo.: Mª del Carmen Cid Castro

Dilixencia: Fago constar eu, Secretaria, que o Pleno do Concello de Baiona en sesión extraordinaria de data 25/03/2014 aprobou provisionalmente o documento de Plano Xeral de Ordenación Municipal por maioría absoluta do número legal de membros.
Baiona, 25 de marzo de 2014.
A Secretaria, Susana Gallardo Fariña.
CONCELLO DE BAIONA

4.- Variables, criterios de sustentabilidade e nivel de detalle do estudo para a Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan.

Variables sobre as que o planeamento urbanístico produce afeccións ou polas que se ve afectado.
Criterios a aplicar sobre as variables orientadas cara unha planificación sustentable.
Nivel de detalle co que se deben analizar as implicacións dos criterios establecidos para as variables.

Variable	Criterios	Nivel de detalle
Paisaxe	Favorecer a integridade paisaxística	• Realizar un estudo paisaxístico previo dende as dúas dimensións da paisaxe: a paisaxe total ou global (síntese dos procesos) e a paisaxe visual (estética). • Preservar, protexer e poñer en valor os compoñentes e elementos de interese paisaxístico. • Contribuír á recuperación de compoñentes ou elementos que favorezan á calidade paisaxística. • Adaptar as actuacións e estruturas que propoña o planeamento na paisaxe existente.
Conservación da natureza	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais	• Identificar os espazos que estean baixo algunha figura de protección especial, así como a vexetación de ribeira, as masas de frondosas autóctonas, humidais ou calquera outro espazo que polo seu valor natural e ecolóxico requira algún tipo de protección. • Protexer os valores naturais susceptibles de ser preservados. • Establecer zonas de transición que sirvan de amortecemento ante posibles afeccións sobre os espazos máis vulnerables. • Contribuír á continuidade física e funcional dos sistemas naturais tanto dentro do ámbito como fora del.
	Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais	• Potenciar a relación humana coa natureza mediante a restauración e posta en valor dos diferentes elementos naturais, patrimoniais, culturais e identitarios e o fomento da súa utilización de xeito compatible coas súas propias características e as do entorno inmediato no que se insiren. • Garantir o acceso para o uso e disfrute dos espazos naturais acorde coas súas características. • Buscar medidas para minimizar os posibles efectos dos lumes. • Pular pola repoboación con especies arbóreas autóctonas. • Establecer ou prever actuacións de rexeneración dos sectores afectados por actividades extractivas.
Patrimonio	Preservar e valorizar os elementos patrimoniais	• Identificar os elementos patrimoniais destacables. • Preservar os elementos patrimoniais identificados e establecer medidas para o seu legado. • Promover a posta en valor dos enclaves de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico e arqueolóxico.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Variable	Criterios	Nivel de detalle
Sociedade	Considerar a estrutura demográfica do ámbito e da área de influencia	• Realizar unha previsión demográfica en función de aspectos cualitativos e cuantitativos que considere, ademais do número de habitantes actuais e futuros, un achegamento ás súas características. • Valorar as necesidades asistenciais, sociais, educativas, de ocio e calquera outra necesidade destacable en función das características da poboación actual e futura e considerar as posibilidades no ámbito de influencia.
	Prever un equilibrio entre a poboación e os recursos	• Sopesar a dispoñibilidade actual e futura dos recursos ao realizar a estimación demográfica.
	Contribuír a un entorno saudable	• Considerar a saúde dos habitantes a hora de clasificar o solo e emprazar as diferentes actividades. • Pular pola reducción das situacións de risco de enfermidades a través dun entorno saudable.
	Garantir a non exclusión	• Considerar a perspectiva dos colectivos vulnerables no deseño das alternativas de planeamento atendendo ás posibles discapacidades psíquicas ou físicas ou as limitacións socioeconómicas. • Garantir unha posibilidade de acceso equitativa e proporcionada aos servizos comunitarios para a poboación. • Garantir unha porcentaxe suficiente de vivendas baixo algunha figura de protección e favorecer o acceso á vivenda dos colectivos con máis dificultades. • Facilitar a acceso á formación e información dos diferentes colectivos que existan no concello.
	Favorecer a cohesión social	• Pular polo aumento das posibilidades de relación entre os habitantes mediante a creación de espazos de encontro de calidade, ben comunicados e con diferentes tipoloxías en función das características da poboación. • Favorecer o acceso aos citados espazos, así como aos servizos comunitarios e á información sobre a existencia e funcionamento dos mesmos. • Contribuír á integración das e dos residentes das vivendas baixo algún tipo de protección a través da harmonización de ditas edificacións no ámbito. • Fomentar a preservación da memoria histórica do concello como reforzo da identidade social e colectiva.
	Fomentar a participación cidadá na toma de decisións no Concello	• Favorecer a participación nos procesos de planificación urbanística e toma de decisións que máis afectan á cidadanía, contemplando a formación previa básica para unha mellor compresión da dinámica e finalidade dos procesos nos que participen.

XUNTA DE GALICIA
Conselleiro do Conselleiro
de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
de data:
- 4 XUÑ. 2014
Servizo de Planificación
Urbanística I
Asdo.: Mª del Carmen Cid Castro

Diligencia: Fago constar eu, Secretaria, que o Pleno do Concello de Baiona, en sesión extraordinaria de data 25/03/2014 aprobou provisionalmente o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal por maioría absoluta do número legal de membros.
E, Baiona, 25 de marzo de 2014.
A Secretaria, Susana Gallardo Fariña.

Dilixencia: Fago constar eu, Secretaria, que o Pleno do Concello de Baiona en sesión extraordinaria de data 25/03/2014 aprobou provisionalmente o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal por maioría absoluta do número legal de membros.
Baiona, 25 de marzo de 2014
A Secretaria, Susana Caldado Farina

Variable	Criterios	Nivel de detalle
Economía	Considerar a estrutura socioeconómica do ámbito e da área de influencia	• Analizar as oportunidades económicas do concello e a súa área de influencia e realizar unha previsión das necesidades en función da estrutura económica actual e prevista. • Garantir unha dotación de equipamentos e infraestruturas axeitada ás necesidades económicas previstas. • Pular por unha maior eficiencia das actividades económicas e da súa localización minimizando as súas afeccións sobre o medio e os recursos
Medio urbano	Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade	• Favorecer un tecido urbano compacto ou consolidado, e á vez esponxado. • Contribuír a un deseño dos espazos libres e de interacción coa natureza, coa cultura e coas persoas que sexan accesibles e de calidade. • Contribuír a unha zonificación e localización de equipamentos que favorezan unha conexión eficiente cos principais destinos, minimizando as distancias e facilitando modos de transporte máis eficientes. • Favorecer unha paisaxe urbana de calidade integrando as novas actuacións no entorno no que se asentan.
Medio rural	Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade	• Procurar a configuración de núcleos compactos que faciliten a prestación de servicios básicos. • Planificar accións positivas de mellora das condicións de vida do medio rural, favorecendo especialmente o acceso á información, á oferta educativa, asistencial, sociocultural e lúdica. • Establecer medidas para a redución ou eliminación de emprazamentos irregulares.
	Pular por unha clasificación dos espazos en función da súa propia capacidade produtiva	• Identificar os espazos de interese produtivo. • Contribuír a unha clasificación que favoreza a explotación produtiva acorde coas súas características
Mobilidade	Reducir as necesidades de mobilidade	• Realizar unha análise das necesidades de mobilidade e a súa correspondente estimación dos Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) ocasionados polos desprazamentos. • Fomentar unha zonificación que favoreza a redución dos desprazamentos.
	Facilitar unha conectividade eficiente cara os principais destinos	• Fomentar unha zonificación que aumente a accesibilidade efectiva aos servizos e equipamentos. • Situar os centros de servizos básicos e administrativos próximos á actividade da cidadanía. • Contribuír ao deseño dunha malla de mobilidade do concello eficiente. • Deseñar itinerarios axeitados ás necesidades de modos de desprazamento alternativos. • Favorecer a intermodalidade nos medios de transporte. • Mellorar a eficacia do transporte público terrestre considerando as súas necesidades de infraestruturas. • Favorecer a interconexión con outros concellos ou áreas de interese. • Facilitar o acceso ás zonas de valor paisaxístico, histórico-cultural e patrimonial.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por el Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
de data: - 4 XUÑ. 2014
Planificación
Asdo.: Mª del Carmen Cid Castro

Variable	Criterios	Nivel de detalle
Enerxía	Promover o aforro no consumo enerxético	• Pular pola redución da demanda global enerxética do concello. • Considerar a implantación de infraestruturas e instalacións enerxéticas eficientes no consumo. • Fomentar a implantación de sistemas enerxéticos de baixo consumo, así como outras medidas de aforro enerxético nas instalacións e dependencias públicas. • Considerar o aforro enerxético no deseño da malla urbana e os edificios públicos.
	Pular polo uso de recursos enerxéticos renovables.	• Valorar a posibilidade da obtención de enerxía mediante recursos renovables.
Atmosfera	Controlar as emisións contaminantes	• Localizar as principais fontes de calquera tipo de contaminación atmosférica: fisicoquímica, acústica, luminosa ou electromagnética, e realizar unha aproximación ao seu comportamento e natureza. • Adoptar as medidas que sexan precisas para a redución dos tipos de contaminación identificados dos posibles xerados polo planeamento. • Establecer medidas para minimizar os efectos sobre o medio dos tipos de contaminación identificados. • Establecer mecanismos e medidas para a reducción das emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI).
Ciclo hídrico	Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en tódalas súas fases e procesos	• Estudar a capacidade e calidade dos recursos hídricos para abastecemento e saneamento. • Estudar as afeccións existentes sobre as fases do ciclo hídrico. • Considerar a permeabilización das zonas antropizadas de xeito que se favoreza a dinámica propia do Ciclo Hídrico. • Xustificar calquera actuación nas zonas de policía nos cursos fluviais do concello.
	Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas a teito de planeamento	• Estudar a utilización pública dos recursos hídricos (localización e sistemas de captación e retorno para o abastecemento e o saneamento). • Estimar a utilización privada dos recursos hídricos (localización e sistemas de captación e retorno para o abastecemento e o saneamento). • Considerar a utilización de recurso segundo as unidades de conca. • Calcular a capacidade do sistema de abastecemento previsto tendo en conta a variabilidade estacional da demanda e dos recursos hídricos e considerando tanto o volume de auga bruta como a capacidade das infraestruturas e instalacións da rede. • Deseñar un sistema de depuración suficientemente dimensionado para as augas residuais acorde ás características das mesmas e a súa orixe (urbano ou industrial). • Establecer medidas para reducir os riscos de contaminación das fontes de abastecemento
	Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos	• Establecer medidas que posibiliten a redución no consumo de auga no concello. • Pular pola eficiencia das infraestruturas e instalacións de abastecemento e saneamento.

Dilixencia: Fago constar, eu, Secretaria, que o Pleno do Concello de Baiona en sesión extraordinaria de data 25/03/2014 aprobou provisionalmente o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal por maioría absoluta do número legal de membros.
Baiona, 25 de marzo de 2014
A Secretaria, Susana Gallardo Fariña.

Variable	Criterios	Nivel de detalle
Ciclos de materiais	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos	• Regular as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo dos materiais, e fomentar a reutilización e a reciclaxe. • Potenciar a reutilización, a reciclaxe e a valorización dos materiais. • Estimar a xeración de residuos segundo a súa tipoloxía. • Prever unha dotación adecuada de espazos para a recollida, o tratamento e a xestión de residuos. • Garantir o incremento da capacidade de recollida e tratamento dos RSU e de calquera outro tipo de residuos para a totalidade do concello.
Solo	Axustar os usos ao entorno e aos obxectivos propios deste planeamento	• Actualizar a análise do estado do recurso solo, no tocante á distribución dos seus usos, o seu estado de conservación e a súa capacidade portante de cara á edificación. • Considerar as previsións de calquera outro tipo planeamento ou proxecto con repercusións no territorio municipal e o seu ámbito de influencia. • Definir e delimitar as necesidades ás que se debe dar resposta coa clasificación do solo de modo coherente coa dinámica socioeconómica do concello. • Na zonificación do solo terase especial coidado cos sectores situados nas proximidades dos espazos protexidos, tanto naturais como patrimoniais, arqueolóxicos ou calquera outra protección ou espazo de especial valor. • Quedarán salvagardados os espazos susceptibles de se ver afectados por riscos naturais e socioeconómicos. • Evitar a fragmentación do territorio e a formación de barreiras que produzan ruptura na continuidade dos distintos usos previstos nos novos espazos urbanos, así como dos hábitats naturais. • Considerar os espazos con importante impacto visual en función das súas características. • Xustificar a idoneidade da clasificación do solo con respecto ás demais variables estudadas.
	Fomentaranse estruturas densas, compactas e complexas	• Adecuar a clasificación a unha estratexia de ocupación do solo densa, compacta e complexa. • Priorizar os desenvolvementos urbanísticos sobre espazos antropizados, primando a compactidade. • Fomentar os desenvolvementos colindantes coas áreas urbanizadas.
	Considerar a mobilidade como variable fundamental na formulación das alternativas	• Analizar as necesidades de mobilidade que requira o planeamento e ordenar en consecuencia, procurando minimizalas e aumentar a eficiencia dos modos de transporte.
Edificacións	Axustar o parque potencial de edificacións a teito de planeamento á dinámica do concello	• Evitar os espazos que dende o punto de vista litolóxico ou xeomorfolóxico non sexan axeitados para a edificación. • Analizar os prazos e prioridades de execución dos novos desenvolvementos en busca dun equilibrio temporal entre urbanización e edificación. • Fomentar a consolidación e mellora das áreas edificadas. • Fomentar a harmonía das novas construcións coas xa existentes e co entorno no que estean emprazadas. • Priorizar a rehabilitación e o aproveitamento do patrimonio residencial edificado. • Diversificar as tipoloxías residenciais e as opcións de acceso á vivenda.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data:
– 4 XUÑ. 2014
Asdo.: Mª del Carmen Cid Castro

5.- Consideracións para un PXOM do Concello de Baiona sustentable

Achega de consideracións que particularizan o nivel de detalle co que se poden integrar algúns dos criterios sustentables en función das características propias do ámbito de planeamento e a súa área de influencia, facilitando así a orientación do plan cara a sustentabilidade.
Estas consideracións, polo tanto, supoñen un maior desenvolvemento do nivel de detalle dos criterios de sustentabilidade establecidos (de todos ou dalgúns) e non un incremento deles.

Debido a posición dentro da ría de Vigo, o concello de Baiona forma parte da conca visual de moitos outros emprazamentos na mesma ría, configurando a súa paisaxe. Dentro do propio concello atópanse lugares de grande interese natural, como o espacio natural Serra de Argallo, o encoro de Baíña, e un espazo parte de rede natura, Foz do Miñor a Ramallosa, que deberán manter a paisaxe natural. Ademais como se indica no documento de inicio, o concello de Baiona caracterízase pola súa variedade paisaxística, que pode observarse dende os miradoiros existentes no concello, como son o Alto da Groba e o da Virxe da Roca. Por todo isto se terá especialmente en conta a posición dos posibles novos crecementos e a súa harmonía co entorno para xerar unha paisaxe de calidade.

A proximidade de edificacións aos espazos protexidos presentes no concello, coloca aos seus valores naturais nunha situación de risco, sobre todo no caso do espazo "Foz do Miñor a Ramallosa", que linda co núcleo urbano de poboación, o que obriga á toma de medidas tendentes á protección deste espazo nas mellores condicións posibles. Tamén se atopan núcleos nas proximidades da Serra de Argallo polo que se deberá ter especial coidado o prever o crecemento deses núcleos para que non afecten o espazo natural. En xeral pularase por manter nas condicións idóneas estes espazos e o encoro da Baíña e a serra da Groba, o igual que calquera outro que polas súas características precise dunha protección especial.

Estas proteccións son especialmente importantes na franxa litoral xa que en Baiona gran parte da costa atópase antropizada, e deberase procurar recuperar os espacios costeiros naturais degradados, tanto máis cando unha parte da costa forma parte da Rede Natura.

Aqueles espazos costeiros aínda en estado natural consideraranse un valor primordial do concello tanto para a súa preservación como para a súa adecuación para o disfrute de toda a poboación do concello, segundo o seus valores e características.

No documento de inicio o concello indica un aumento da vivenda de segunda residencia cun uso turístico que está a favorecer a perda da identidade propia dos asentamentos, así pularase pola revalorización da identidade propia do lugar e pola conservación dos elementos patrimoniais, prestando especial atención os enclaves de interese cultural e identitario. Tamén propiciaranse os espazos de relación e a mestura entre os diferentes colectivos do concello.

Moitos destes núcleos rurais, debido a este crecemento de vivendas de segunda residencia, incorporáronse a malla urbana, como os núcleos de Covaterreña, San Antón e Santa Cristina da Ramallosa. A súa ampliación prodúcese por sucesión de vivendas, sen unha planificación, así tratarase de crear un medio consolidado con dotacións e infraestructuras suficientes para a poboación estimada, facilitando a prestación de servizos básicos e intentado reducir as necesidades de desprazamentos da poboación, o igual que para o todo o medio urbano.

O novo planeamento considerará a dotación de servizos e infraestruturas básicas (abastecemento, saneamento, recollida de residuos,...) para toda a poboación do Concello tendo en conta as previsións dos novos crecementos e as variacións estacionais que supoñen a condición eminentemente turística do concello de Baiona. Para elo, ordenarase o territorio considerando a mellor opción para a satisfacer estas necesidades que en todo caso, quedarán garantidas de xeito vinculante para o desenvolvemento de novos ámbitos.

No caso de que o concello estivera a implantar unha Axenda 21 Local, o documento de ordenación urbanística municipal debería coordinarse co procedemento de implantación de dita Axenda 21 Local, asimilando os resultados da súa Diagnose, empregando as mesas de participación cidadá como medida de reforzo desta participación na elaboración do PXOM, e integrando os resultados do seu Plan de Acción no que lle atiña.

Amais cómpre realizar unhas consideracións acerca da tipoloxía de vivenda unifamiliar, como alternativa para a implantación dos posibles desenvolvementos residenciais, especialmente se estes son localizados de maneira illada respecto aos actuais núcleos urbanos. Esta tipoloxía de edificación leva asociados *per se* uns custes ambientais e sociais moi elevados en relación coa tipoloxía colectiva. Trátase dun maior consumo de recursos por m^2/habitable, especialmente solo, enerxía (ata un 30% máis que a

XUNTA DE GALICIA
Conselleiro
Infraestruturas
Aprobado dominio Medio Ambien...
de data:
- 4 XUÑ. 2014
Planificación
Asdo.: Mª del Carmen Cid Castro

edificación colectiva segundo o Libro Verde de Medio Ambiente Urbano) e materiais de construción; e da contribución á creación de espazos monofuncionais que non favorecen as relacións sociais e levan ao aumento das necesidades de mobilidade.

Estes custes ambientais e sociais da tipoloxía de vivenda unifamiliar, no caso de se constituír como solucións para os posibles desenvolvementos, deberán ser minimizados ou compensados pola proposta de planeamento, ao menos nos termos que seguen, e en consonancia coas restantes consideracións:

- O consumo de recursos por m^2 habitable de referencia será o correspondente ao da tipoloxía de vivenda colectiva, debendo contemplar en calquera outro caso, medidas que o reduzan ou o compensen, especialmente para o consumo enerxético.
- O deseño e planificación dos espazos libres nestes desenvolvementos procurará de maneira imprescindible que estes sexan espazos de encontro de calidade (controlando as variables do entorno tal e como se controlan para o entorno no deseño arquitectónico: confort térmico, ruído, contaminación atmosférica, seguridade, etc.) e accesibles que fomenten a cohesión social, tanto entre os seus futuros habitantes, como entre estes e os das entidades de poboación adxacentes.
- A distribución de usos pulará pola mestura, facilitando a instalación daqueles compatibles e complementarios co residencial.
- O sistema de mobilidade asociado aos posibles ámbitos de desenvolvemento residencial contemplará unha conexión eficiente cos principais destinos no seu ámbito de influencia, e entre eles, de maneira indispensable, cos servizos básicos. Esta conexión apoiarase no transporte público e será complementada cos modos a pé e/ou en bicicleta. Para isto resulta fundamental considerar no planeamento o deseño das infraestruturas necesarias para estes modos de desprazamentos.

Dilixencia: Fago constar eu, Secretaria, que o Pleno do Concello de Baiona en sesión extraordinaria de data 25/03/2014 aprobou provisionalmente o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal por maioría absoluta do número legal de membros.
Baiona, 25 de marzo de 2014.
A Secretaria, Susana Gallardo Freiría.
CONCELLO DE BAIONA

6.- Indicadores de sustentabilidade.

Introdución de claves para o deseño e posta en marcha dun sistema de indicadores para o planeamento, tanto como ferramenta de análise do propio planeamento como para o establecemento do seu seguimento.

Os indicadores deberán funcionar como ferramentas de medición da evolución do Plan, tendo en conta os desenvolvementos limítrofes e o seu encadre dentro do Concello, cara o cumprimento dos obxectivos xerais da proposta de planeamento e os específicos para cada variable da sustentabilidade.

Os indicadores deben cumprir cunha serie de características básicas:

- Deben estar relacionados cos obxectivos de maneira que presenten a evolución da aplicación do planeamento cara ás intencións declaradas.
- Deben ser facilmente medibles e posibles de analizar en series temporais. Tamén deben permitir comparar o ámbito do Plan co Concello.
- Deben reflectir a evolución temporal, de xeito que podan analizarse para previr ou corrixir tendencias negativas.
- O seu número debe ser reducido, co obxectivo de ser facilmente comprensibles por tódolos axentes implicados.
- Deben estar dispoñibles facilmente e non requirir de múltiples fontes de información para a súa obtención.

O sistema de indicadores permitirá avaliar a sustentabilidade do planeamento mediante o seguimento da evolución do Plan cara o cumprimento dos obxectivos xerais propostos para o desenvolvemento do Plan e do concello, así como dos obxectivos específicos establecidos para cada unha das variables enumeradas no apartado 4 do presente documento: paisaxe, conservación da natureza, patrimonio, sociedade, economía, medio urbano, medio rural e medio industrial, mobilidade, enerxía, atmosfera, ciclo hídrico, ciclos de materiais, solo e edificacións.

O Documento Marco aprobado por unanimidade do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS) o 19 de xaneiro de 2007 incorpora unha serie de indicadores que poden servir como referencia para a elaboración do sistema de indicadores do Plan. Este documento pódese atopar na web (http://aae.medioambiente.xunta.es).

Dilixencia: Fago constar eu, Secretaria, que o Pleno do Concello de Baiona na sesión extraordinaria de data 25/03/2014 aprobou provisionalmente o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal por maioría absoluta do número legal de membros.
Baiona, 25 de marzo de 2014.
A Secretaria, Susana Gallardo Fariña.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por [illegible] do Conselleiro de Medio Ambien[illegible] Infraestruturas de data:
- 4 XUÑ. 2014
Planificación
Asdo.: Mª del Carmen Cid Castro

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

7.- Estrutura do Informe de Sustentabilidade Ambiental do Plan.

Descrición da estrutura do documento no que se teñen que plasmar as conclusións dos estudos e valoracións solicitados neste DR.

O ISA será o documento que recollerá a xustificación da alternativa que se consolide como proposta definitiva do Plan. Para elo, farase unha análise previa dos condicionantes, obxectivos e alternativas para o futuro desenvolvemento do concello, identificando e caracterizando os efectos sobre o medio da alternativa escollida e establecendo as medidas preventivas, correctoras e de seguimento destes efectos.

A estrutura e os aspectos que deberán integrar este documento serán os seguintes, en coherencia e desenvolvendo o establecido no anexo I da Lei 9/2006, do 28 de abril:

1. **Análise obxectiva do entorno.** Realizarase unha descrición dos problemas e condicionantes ambientais, económicos e sociais que inflúen na intención de planeamento do ámbito do Plan.

2. **Definición de obxectivos.** Presentaranse os obxectivos propostos para o futuro desenvolvemento do Plan e os específicos para cada unha das variables enumeradas no apartado 3 do presente documento, considerando, en todo caso, os obxectivos de protección ambiental fixados nos ámbitos internacional, comunitario, nacional e autonómico.

3. **Análise das alternativas.** Xustificarase, para cada unha das alternativas propostas para o Plan, cómo se tiveron en conta as variables de sustentabilidade establecidas para este Plan facendo referencia ás posibles dificultades (deficiencias técnicas ou falta de coñecementos e experiencia) á hora de recompilar a información requirida.

   Estas alternativas propostas serán avaliadas en función da integración dos criterios de sustentabilidade establecidos neste documento, xustificando ademais a pertinencia das alternativas na implantación da lexislación comunitaria, nacional e autonómica en materia de xestión de residuos, protección de recursos hídricos e espazos naturais.

   Finalmente, explicarase razoadamente a elección da alternativa seleccionada.

4. **Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio.** Identificaranse e caracterizaranse os efectos da alternativa finalmente seleccionada para cada unha das variables de sustentabilidade establecidas neste documento, facendo unha comparación cos efectos que se derivarían da alternativa 0, entendida como a evolución do ámbito do Plan en ausencia do novo planeamento.

   A caracterización dos efectos da alternativa seleccionada describirá a probabilidade, duración, frecuencia e reversibilidade, o seu carácter acumulativo, a súa posible afección aos ámbitos de desenvolvemento limítrofes como á totalidade do concello, a súa afección sobre a saúde humana e a vulnerabilidade e valor da área afectada.

5. **Medidas preventivas.** Tendo en consideración os efectos negativos identificados e caracterizados, deseñaranse medidas preventivas e correctoras para minimizar ou reducir estes efectos.

6. **Proposta de plan de seguimento.** Describirase a programación temporal das medidas propostas para o control e seguimento dos efectos sobre o medio, así como as medidas ou mecanismos previstos para a redución ou eliminación de novas afeccións non previstas que poidan xurdir.

   O plan de seguimento da sustentabilidade contará cun sistema de indicadores da evolución das variables enumeradas no apartado 4 do presente documento: paisaxe, conservación da natureza, patrimonio, sociedade, economía, medio urbano, medio rural e medio industrial, mobilidade, enerxía, atmosfera, ciclo hídrico, ciclos de materiais, solo e edificacións

   Esta proposta deberá considerar a participación do órgano ambiental no seguimento e establecer a periodicidade coa que se realizarán os informes de seguimento, que serán de acceso público.

7. **Informe sobre a viabilidade económica da alternativa seleccionada** e das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos e o establecemento do sistema de seguimento. En especial se considerará o impacto da actuación nas Facendas Públicas afectadas pola implantación e mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

dos servizos resultantes, así como da suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos.

8. **Análise da coherencia dos obxectivos establecidos** para o Plan e a idoneidade da alternativa seleccionada no cumprimento destes obxectivos.

9. **Resumo non técnico** da información solicitada nos apartados anteriores.

8.- Definición das modalidades de información e consulta e identificación das Administracións Públicas afectadas e público interesado.

Descrición do proceso e as modalidades de participación e consultas.

O artigo 9.2 da Lei 9/2006 sinala que durante a determinación do alcance do ISA, o órgano ambiental deberá definir as modalidades de información e consulta, así como identificar ás Administracións Públicas afectadas e ó público interesado.

Así pois, a fase de consultas sobre o documento de aprobación inicial do Plan, que incluirá o ISA, será realizada por parte do órgano promotor do Plan, as Administracións Públicas afectadas e ao público interesado que se citan a continuación:

1. Administración Xeral do Estado:
   - Delegación do Goberno en Galicia.
   - Calquera outro ministerio cando o planeamento afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.

2. Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:
   - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:
     - Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (acerca das emisións contaminantes, dos residuos e do ruído).
     - Dirección Xeral de Conservación da Natureza (acerca dos espazos protexidos e os espazos de interese natural ou paisaxístico).
     - Augas de Galicia (acerca da suficiencia dos recursos hídricos)
   - Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Dilixencia: Fago constar eu Secretaria que o Pleno do Concello de Baiona en sesión extraordinaria de data 25/03/2014 aprobou provisionalmente o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal por maioría absoluta do número legal de membros.
Baiona, 25 de marzo de 2014
A Secretaria, Susana Gallardo Fariña

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
de data: - 4 XUÑ. 2014
Asdo.: Mª del Carmen Cid Castro

- Dirección Xeral de Estradas (acerca das afeccións sobre as estradas e do impacto da actuación sobre a capacidade do servizo das mesmas).

- Calquera outra Consellería cando a ordenación proposta afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.

3. Administración Local:

- Deputación Provincial de Pontevedra
- Concellos colindantes co ámbito do planeamento: Oia, Tomiño, Gondomar e Nigrán.

Esta fase de consultas e a posta a disposición do público do documento aprobado inicialmente, do que forma integrante o Informe de Sustentabilidade Ambiental, farase durante un prazo de **dous meses** (apartado 5 do artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia) para o seu exame e formulación de observacións. Será nominal para as Administracións públicas e ó publico interesado relacionado anteriormente e realizarase mediante inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia para calquera outra persoa física ou xurídica que puidese estar comprendida como público interesado, segundo a definición dada polo artigo 10.2 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados planes e programas no medio ambiente.

Informe sobre a participación e as consultas

O órgano promotor responderá motivadamente ás observacións e alegacións que se formulen nas consultas e elaborará un **documento de consultas** no que se describa o procedemento seguido e se xustifique cómo se toman en consideración as observacións e alegacións realizadas. A este documento se anexará copia dos informes sectoriais emitidos.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Anexo. Organismos consultados e respostas recibidas

O Documento de Inicio someteuse a consultas a todos os compoñentes do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (ver artigo 3 do Decreto 74/2006, de 30 de marzo) e ao mesmo tempo se inseriu na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para que o público en xeral fixera comentarios que puideran axudar na redacción do presente documento de referencia acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade aplicables a este Plan (http://aae.medioambiente.xunta.es).

Recibiuse resposta de Augas de Galicia, e a maior parte das súas suxestións xa foron integradas nos criterios e condicións específicas que establece este Documento de Referencia. Non obstante axúntase o informe remitido para que todas as súas suxestións sexan tidas en conta polo promotor.

Dilixencia: Fago constar eu, Secretaria, que o Pleno do Concello de Baiona, en sesión extraordinaria de data 25/03/2014 aprobou provisionalmente o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal por maioría absoluta do número legal de membros.
Baiona, 25 de marzo de 2014.
A Secretaria, Susana Gallardo Fariña.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data:
- 4 XUÑ. 2014
...nificación
Asdo.: Mª del Carmen Cid Castro